

# Bibliografía (X)

Felipe Arias Vilas

Non habería moito que explicar nunha entrega máis das que se veñen facendo desde o ano 1991 co repertorio bibliográfico sobre o Castro de Viladonga e o seu Museo; non faríamos senón insistir nas mesmas advertencias doutras veces en relación co criterio seguido para recoller autores e/ou títulos que fan algunha referencia a aquel conxunto. En todo caso, si cómpre advertir que cada vez se fai máis impensable e realmente case imposible que se poida recoller todo aquilo que se refire a Viladonga, pois as citas e mencións son cada vez moito máis numerosas, diversificadas e ata difíciles de atopar por apareceren en publicacións tan alleas ó tema patrimonial como, por exemplo, unha revista especializada de automobilismo (que se inclúe aquí a modo de mostra e de xeito completamente puntual), sen ter que mencionarmos xa, por ben sabida, a numerosa presenza do Castro e o Museo en todo tipo de folletos, guías e itinerarios de turismo (cultural ou non), exemplares ou suplementos de prensa e revistas periódicas e, agora tamén, en múltiples sitios *web* en Internet, de autoría e responsabilidade igualmente diversa en fins e resultados. Sirva como exemplo de todo o que acabamos de mencionar, a fotografía aérea (con breve comentario) que o artista Xurxo Lobato inclúe na recente e monumental obra visual *Camiño celeste Galicia* (- ed. Caixa Galicia-, A Coruña 2003, p. 189).

Polo tanto, se queremos continuar con esta serie de notas bibliográficas sobre o conxunto de Viladonga, non quedará máis remedio no futuro que sermos cada vez máis selectivos, é dicir, anotar aquí soa-

mente o que teña un interese científico e cultural de certa relevancia ou que sexa de clara utilidade tanto para o labor que aquí se desenvolve como para o público que o utiliza e disfruta.

\* “Viladonga, Lugo y Santa Eulalia de Bóveda” (serie ‘Rutas arqueológicas por España con el Chrysler Sebrig’), *Motor 16*, agosto 2002, s.p.- Velaquí o exemplo que vimos de comentar na introducción, como mostra de onde pode haber referencias variopintas ó conxunto patrimonial de Viladonga, aquí curiosamente cun texto breve pero ben acaído e cunhas fotos que inclúe a habitual dun automóbil “posando” diante do Museo.

\* Carlos FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ: “Análisis de los restos faunísticos recuperados en el Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo)”, *Croa*, 12, 2002, p. 7-14.- Este autor, antes na Universidade compostelá e agora na de León, xa fixera outras achegas ó tema dos restos faunísticos de Viladonga e doutros xacementos castrexos e galaico-romanos. Sistematiza neste artigo, xa presente na revista electrónica *e-Castrexo* (en [www.aaviladonga.es](http://www.aaviladonga.es)), os restos óseos de animais aparecidos neste Castro, con presenza maioritaria de vacúns, seguidos de ovinos e suídos e cunha mostra mínima, pero indubidable tamén por algúns elementos materiais achados aquí (ben senlleiros por certo), pertencente a un cabalo.

\* M<sup>a</sup> Concepción FERNÁNDEZ LÓPEZ: “*Vello com'os camiños*: léxico, literatura, tradición y toponimia”, *Larouco*, 3

(2003), p. 115-128. A autora apunta, na nota 6, a súa teoría de que o topónimo ‘Viladonga’ non é un castelanismismo (por Viladonga) senón que procede en orixe dunha *villula* (unha *villa* pequena), hipótese que desenvolve algo máis polo miúdo neste mesmo número 13 de *Croa*, co que queda aberto o tema para o debate filolóxico, documental e mesmo antropolóxico.

\* J. Avelino GUTIÉRREZ GONZÁLEZ: “La fortificación prefeudal en el Norte peninsular: castros y recintos campesinos en la Alta Edad Media”, *Mil anos de fortificaciónes na Península Ibérica e no Magreb (500-1500)*. *Actas do Simposio internacional sobre Castelos* (Palmela 2002), Palmela 2001, p. 19-28.- Volve este competente arqueólogo e historiador a tratar temas dunha das etapas máis escuras no N.O., aportando información escrita e gráfica do Castro de Viladonga, que pon en relación cos *castra* e os *castella tutiora* tardorromanos e altomedievais, aínda que sinalando a imposibilidade de levalo ata tempos visigodos no estado actual dos coñecementos.

\* Jorge LÓPEZ QUIROGA: “Fluctuaciones del poblamiento y hábitat fortificado en altura en el N.O de la Península Ibérica”, *Mil anos de fortificaciónes...*, xa citado, p. 83-91.- Sobre un tema vencellado ó anterior, nesta comunicación (na que ocupan case máis extensión as notas que o texto) contéñense mencións a Viladonga, menos densas e consistentes que no título precedente.

\* F. ARIAS VILAS: “Las fases de la Cultura Castreña de Galicia: un debate abierto”, *Los poblados fortifi-*

*cados del N.O. de la Península Ibérica: formación y desarrollo de la Cultura Castreña* (Actas Coloquio - Navia, 2000), Navia 2002, p.127-137.- Loxicamente, fanse referencias constantes a Viladonga dentro da fase final ou tardía da Cultura Castrexa, fase que para algúns autores xa non é propiamente castrexa senón romana ou galaico-romana, o que explicaría (¿?) que nalgunhas ocasións este Castro chairego lucense non apareza en traballos, mesmo de síntese (!) sobre aquela etapa.

\* F. ARIAS VILAS: “Notas sobre a relación de Lucus Augusti coa cunca do Eo: o castro galaico-romano de Viladonga”, en *En torno al Bimilenario del Eo (Foro Cultural del Noroeste)*, Oviedo 2002, p. 299-312.- Nesta obra, que recolle relatos e comunicacións dun Coloquio que non se chegou a celebrar, inclúese este breve apuntamento sobre o papel de Viladonga no camiño entre Lugo e a costa astur-lucense, con numerosas ilustracións, ás veces de introducción forzada polo editor, como sucede con outro artigo incluído neste groso volume sobre os traballos neste xacemento entre 1988 e 1998 (comentado no número anterior de *Croa*, 12-2002).

\* J. LÓPEZ QUIROGA: “Romanización e impulso urbanizador del Noroeste peninsular en época flavia”, *Actas del I Congreso internacional de Historia Antigua* (Valladolid 2000), Valladolid 2002, p. 290-297.- De novo este autor contempla, ben que tanxencialmente, o Castro de Viladonga, neste caso poñéndoo en relación con *Lucus Augusti* ós efectos de tratar os contactos comer-

ciais segundo o que indican certos materiais achados en ambos sitios.

\* F. ARIAS VILAS: “El Castro de Viladonga (Lugo) como paradigma de asentamiento castrejo-romano: la potencialidad socio-cultural y educativa de un yacimiento arqueológico y su museo anexo”, *Actas de las Jornadas sobre Castro Ventosa* (Cacabelos, octubre 2002), Ponferrada 2003, p. 261-279.- Nesta comunicación, como na que se sinala a continuación, os títulos xa explican claramente cales son os aspectos do conxunto de Viladonga tratados nas respectivas reunións científico-culturais. Neste caso, inclúense referencias sobre as diferencias e similitudes de Viladonga co importantísimo xacemento berciano de Castro Ventosa.

\* F. ARIAS VILAS / J.C. LLANA RODRÍGUEZ: “El Castro de Viladonga (Lugo). El uso cultural y turístico de un yacimiento arqueológico y su museo monográfico”, *Actas I Congreso internacional de Arqueología Iconográfica e Simbólica*, (Jornadas de Turismo Científico e Cultural, Meda - Vale do Cõa 2002), Coimbra 2003, p. 78-95.- Como queda dito, o título reflicte os temas sobre os que se fai fincapé neste artigo que, por outra banda, tamén recolle consideracións sobre os obxectivos e os resultados do labor e do papel arqueolóxico e museístico en Viladonga desde os anos setenta do século XX ate o presente.

\* *Enciclopedia Encarta Microsoft* (CD Rom, e sitio web en Internet), 2003.- Se incluímos aquí esta referencia é porque exemplifica ben,

neste caso bastante ben, o que dicíamos acerca da presenza de Viladonga nos foros máis variados, e hai que resaltar unha vez máis, e precisamente aquí, o inxente labor desenvolvido por Enrique Montenegro Rúa non só como *webmaster* da Asociación de Amigos, senón como autor dun seguimento completo da aparición do conxunto patrimonial de Viladonga na rede internauta de todo o mundo.

\* *Revista de Arqueología*, nº 264 (Ed. M.C.), Madrid 2002.- Nas páxinas 6 e 64 deste número, aparecen, respectivamente, referencias relativamente extensas á Exposición homenaxe a Antonio García y Bellido cando estivo no Museo do Castro de Viladonga, e á Guía publicada deste conxunto (seis anos despois da súa publicación). Sabido é que esta revista concéntrase nos últimos tempos en temas do mundo oriental, exipcio, amerindio, etc. (e non poucas veces con matices case esotéricos), moito máis do que se advertía na súa primeira etapa, de maior utilidade para a ciencia e a cultura do noso contorno.

\* Felipe ARIAS VILAS / Ramón FÁBREGAS VALCARCE: “Datacións radiocarbónicas no Castro de Viladonga (Lugo)”, *Gallaecia*, 22, 2003, p. 193-210.- En orixe, este artigo fíxose para o coloquio celebrado en Santiago en 1997 en homenaxe a C.A. Ferreira de Almeida, e aparece agora en letra impresa e, paralelamente tamén, en versión informática en *e-Castrejo*. Ademais dunhas consideracións metodolóxicas, as conclusións máis relevantes apuntan que as análises calibradas do

Carbono 14 evidenciarían unha presenza ocupacional no Castro entre o 90 a.C. e o 20 d.C., previa ó hábitat principal do sitio entre os s. II e V d.C., e tamén a outra data da segunda metade ou finais do s. VI d.C., quizais momento de abandono do asentamento.

\* M<sup>a</sup> José ALLES LEÓN: “El mosaico de Doncide”, *Gallaecia*, 22, 2003, p. 211-224.- Neste traballo de Terceiro Ciclo universitario, a autora analiza polo miúdo este importante elemento arqueolóxico da vila romana de Doncide, moi relacionada con Viladonga, onde, ademais, se garda boa parte da documentación escrita e gráfica existente ata o momento, así como algunhas teselas da parte perdida do mosaico de época tardorromana.

\* A.M. TEIRA BRIÓN: “Os traballos agrarios e as ferramentas empregadas na Cultura Castrexa”, *Gallaecia*, 2, 2003, p. 157-192.- Nun

extenso artigo de finalidade similar ó anterior, este autor analiza uns elementos materiais non sempre considerados suficientemente na bibliografía arqueolóxica; entre as ferramentas estudadas, cítanse loxicamente algunhas metálicas do Castro de Viladonga, coma o machado bipenne, aixadas, sachos, fouces, etc.

\* *Murguía. Revista Galega de Historia*, 1, 2003, (Asociación Galega de Historiadores; dirección e coordinación, Uxío-Breogán Diéguez e Alexandra Cabana), p. 137-138.- Nesta nova revista, aparece un comentario moi favorable e agarimoso sobre o labor científico e cultural do conxunto patrimonial do Castro e Museo de Viladonga, incluíndo datos do sitio web da Asociación de Amigos así como informacións prácticas para a visita.

\* J. A. GUTIÉRREZ GONZÁLEZ: *Peñaferruz (Gijón). El castillo de Curiel y su territorio*,

Ayuntamiento de Gijón - VTP editora), Gijón 2003, p. 276.- Neste groso volume, nun traballo de metodoloxía exemplar, este autor introdúcenos de novo no mundo altomedieval, e apunta paralelismos entre as pezas de acibeche (furadas e decoradas, non aneis) do Castro de Viladonga e outra deste castelo asturiano veciño a Xixón, atribuíndolles unha cronoloxía tardorromana pero con perduración na época visigótica.

\* Omayra LISTA / Raquel G. AMARELLE / Tania SALDAÑA: *Galicía. La historia es una fiesta*, (Orto Europa Publicacións), (A Coruña) 2003, p. 37.- Esta especie de repertorio festivo, extraordinariamente ben editado e ilustrado pero que cae ás veces en tópicos historiográficos pouco contrastados, inclúe unha descrición e fotografías do Castro de Viladonga e dalgunhas das súas pezas, con datos afortunadamente máis ou menos ben acaídos.



Publicado en versión electrónica en:

<http://www.aaviladonga.es/e-castrejo/es/mcroa1349.htm> · <http://www.aaviladonga.es/e-castrejo/ga/mcroa1349.htm>